

## PRAZAS PROFESORADO - Curso 2010/2011

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 26 DE XULLO DE 2010 POLA QUE SE CONVOCA UN CONCURSO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL DE PERSOAL DOCENTE.**

Convócase un concurso para a contratación laboral do persoal docente que se relaciona no Anexo I da presente Resolución. O concurso desenvolverase de acordo con ás seguintes bases:

**1.- NORMATIVA.-** O presente concurso rexerese ademais de pola presente convocatoria, pola normativa seguinte:

- a) O Capítulo I do Título IX da Lei orgánica 6/2001, de 21 de decembro, de universidades (BOE do 24 de decembro), coas modificacións introducidas pola Lei orgánica 4/2007, do 12 de abril (BOE do 13 de abril).
- b) O Decreto autonómico 266/2002, de 6 de setembro, de contratación do profesorado universitario (DOG do 17 de setembro de 2002).
- c) Os Estatutos da Universidade da Coruña, aprobados por Decreto da Xunta de Galiza de 13 de maio de 2004 (DOG de 26 de maio de 2004), modificados polo Decreto 194/2007 do 11 de outubro (DOG de 17 de outubro de 2007).
- d) A Normativa pola que se regula o procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado, aprobada polo Consello de Goberno na sesión do 28 de maio de 2004, e modificada nas sesións do 9 de marzo e 28 de xuño de 2007.

**2. REQUISITOS DOS CONCURSANTES.-** Para concursar a cada unha das categorías do persoal docente e investigador interino e contratado laboral, as persoas aspirantes deberán cumprir os seguintes requisitos no derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes.

**2.1 Requisitos de carácter xeral:**

- a) Ser español, nacional dun Estado membro da Unión Europea ou nacional daqueles Estados aos que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos en que esta se atopa definida no Tratado Constitutivo da Comunidade Europea.

Tamén poderán participar o cónxuxe, descendentes e descendentes do cónxuxe, dos españois e dos nacionais doutros Estados membros da Unión Europea, sempre que non estean separados de dereito, menores de vinte e un anos ou maiores da dita idade que vivan ás súas expensas. Este último beneficio será igualmente de aplicación a familiares de nacionais doutros Estados cando así se prevexa nos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España.

Os nacionais de Estados distintos dos indicados anteriormente poderán tamén participar nos concursos e ser contratados, sempre que se atopen en España en situación de legalidade e sexan titulares dun documento que os habilite para residir e para acceder sen limitacións ao mercado laboral.

- b) Ter cumprido os dezoito anos e non ter cumprido a idade de xubilación.
- c) Estar en posesión do título académico de Licenciado, Arquitecto, Enxeñeiro ou Diplomado Universitario, Arquitecto Técnico ou Enxeñeiro Técnico, ou Graduado de acordo co que establece o art. 9 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. Caso de ter realizado os seus estudos fóra do estado español, a titulación académica deberá estar homologada polo Ministerio de Educación e Ciencia. No caso de candidatos con títulos da Unión Europea, presentarán, quer a homologación, quer a credencial de recoñecemento dirixido ao exercicio da profesión de Profesor de Universidade.
- d) Non padecer doenza ou discapacidade física ou psíquica que lle impida o desempeño das funcións.

- e) Non ter sido separado do servizo, nin inhabilitado para o exercicio de funcións públicas. Así mesmo, o desempeño das prazas convocadas ficará sometido á Lei 53/1984, de 26 de decembro, e ás normas de desenvolvemento, en materia de incompatibilidades.
- f) As persoas aspirantes de nacionalidade estranxeira non poderán estar sometidas a sanción disciplinaria ou condena penal que impida, no seu Estado, o acceso á Función Pública.

Os requisitos d), e) e f) deberán ser acreditados no acto de sinatura do contrato.

## **2.2 Requisitos específicos para cada figura:**

### **a) Profesor asociado**

Ser especialista de recoñecida competencia na materia para que é contratado e acreditar o exercicio da súa actividade profesional fóra do ámbito académico. O xeito de acreditarlo realizarase mediante certificado de servizos prestados en administracións e organismos públicos ou certificado actualizado de vida laboral expedido pola Tesourería da Seguridade Social ou, de non resultar obrigatoria a alta na seguridade social, certificación actual da mutualidade correspondente á súa actividade ou do colexio profesional, só no seu defecto poderá considerarse outra documentación equivalente así apreciada pola Universidade da Coruña. A actividade profesional requirida para poder concursar deberá manterse durante o tempo de vixencia do contrato.

### **b) Profesor contratado interino de substitución**

Estar en posesión do título de Licenciado, Arquitecto, Enxeñeiro ou Graduado de acordo co que establece o art. 9 do Real Decreto 1393/2007, de 29 de outubro, polo que se establece a ordenación das ensinanzas universitarias oficiais. Para as prazas da Área de Coñecemento de Fisioterapia tamén Diplomado, Enxeñeiro Técnico ou Arquitecto Técnico.

### **c) Profesor contratado doutor**

- Estar en posesión do título de doutor.
- Avaliación previa positiva da súa actividade por parte do órgano correspondente de avaliación externo.

**3.- PRAZO E LUGAR DE PRESENTACIÓN SOLICITUDES.-** As instancias solicitando tomar parte no concurso presentaranse no Rexistro Xeral da Universidade ou nos Rexistros Auxiliares de Elviña ou de Ferrol, ou por calquera dos procedementos establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (BOE de 27 de novembro), utilizando o modelo oficial que se facilitará no Rexistro Xeral da Reitoría, nos rexistros auxiliares de Elviña e Ferrol e na páxina web da universidade. Nos mesmos lugares será facilitado o modelo de "currículo vitae".

Presentarase unha instancia por triplicado e un currículo por cada unha das prazas a que se aspire.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día **7 de agosto de 2010**.

## **4.- DOCUMENTACIÓN.**

4.1. As persoas aspirantes, para seren admitidas no proceso de selección, acompañarán á súa instancia cos seguintes documentos:

- a) Copia do DNI ou documento equivalente.
- b) Copia compulsada ou legalizada do título académico esixido para cada figura ou certificación que acredite o pagamento dos dereitos para a súa expedición. Caso de ter realizado os seus estudos fóra do estado español, a titulación académica deberá estar homologada polo Ministerio de Educación e Ciencia. No caso de candidatos con títulos da Unión Europea, presentarán, quer a homologación, quer a credencial de recoñecemento dirixido ao exercicio da profesión de Profesor de Universidade.
- c) Xustificante do pagamento na conta corrente 0049-5030-15-2516011262, concursos-oposicións; Banco Santander Central Hispano da Coruña, da cantidade de 40,74 euros por cada praza a que se concurse, dentro do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso o pagamento suporá a substitución do trámite de presentación da solicitude, en tempo e forma, perante o órgano expresado na base terceira. Gozarán de exención de taxas, logo de xustificación documental as persoas con minusvalía igual ou superior ao 33%. Tamén estarán exentas do pagamento as persoas que sexan membros de familias numerosas clasificadas na categoría especial. Así mesmo,

gozarán dunha bonificación do 50% da taxa, os membros de familias numerosas de categoría xeral. Estas circunstancias deberán ser acreditadas documentalmente xunto coa solicitude, presentando copia orixinal ou compulsada da cualificación da minusvalía ou do carné de familia numerosa segundo corresponda. Tamén estarán exentas as persoas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, polo menos, dun mes anterior á data de publicación desta convocatoria. Para ter dereito á exención será requisito que non rexeitasen, no prazo de que se trate, oferta de emprego adecuado nin se negasen a participar, agás causa xustificada, en accións de promoción, formación ou reconversión profesional e que, así mesmo, carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional. O certificado relativo á condición de demandante de emprego, cos requisitos sinalados, solicitarase na oficina dos servizos públicos de emprego. O xeito de acreditar as rendas realizarase mediante unha declaración xurada ou promesa escrita do solicitante. Ambos os dous documentos deberán xuntarse á solicitude.

- d) Documentos acreditativos dos demais requisitos específicos esixidos para cada figura, na forma que se indica no anexo III do procedemento para a selección de persoal docente e investigador interino e laboral contratado aprobado polo Consello de Goberno na súa sesión do 28 de maio de 2004.

As persoas aspirantes as prazas de contratado doutor, presentarán unicamente a súa instancia, copia do DNI, xustificante do pagamento das taxas e os documentos acreditativos dos requisitos específicos establecidos na base 2.2.

No acto de presentación de candidatos achegarán a documentación que se sinala no anexo II da normativa pola que se establece o procedemento de selección.

4.2. Os documentos que constitúan o "currículo vitae" do concursante presentaranse encadernados e foliados, estendendo ao final unha dilixencia axustada ao modelo que figura como Anexo II da presente convocatoria.

Pola súa parte, o rexistro da Universidade, despois de feitas as comprobacións pertinentes, incorporará a continuación outra dilixencia axustada ao modelo que figura no mesmo anexo.

4.3. Con respecto á documentación a presentar deberá terse en conta:

4.3.1. Toda a documentación acreditativa dos méritos deberá aportarse dentro do prazo de presentación de solicitudes. Non se admitirá ningunha documentación adicional rematado o dito prazo.

4.3.2. A non presentación da certificación académica persoal ou non acreditar os méritos alegados, non determinará a exclusión do aspirante ao concurso, pero impedirá o seu cómputo e valoración no baremo establecido.

4.3.3. Todos os requisitos deberán reunirse na data de remate do prazo de presentación de solicitudes.

4.4. Rematado o procedemento, a documentación dos concursantes quedará ao seu dispor no Centro de onde deberán retirala. Non obstante, no caso de interposición de reclamación ou recurso, estará depositada no Servizo de PDI e non poderá retirarse ata que a resolución impugnada sexa firme, sen prexuízo de que os interesados poidan realizar copia da documentación para outros efectos.

4.4.1. Transcorridos seis meses desde a finalización do procedemento ou, no caso de haber recurso, desde que a resolución impugnada adquira firmeza, a documentación que non fora retirada será destruída.

## **5. PUBLICIDADE DAS RELACIÓNS DE CONCURSANTES.**

5.1. Rematado o prazo de presentación de solicitudes, no prazo máximo de dez días naturais publicarase a relación de persoas aspirantes admitidas e excluídas, que se fará pública no taboleiro de anuncios da Reitoría da Universidade, na Vicerreitoría do Campus de Ferrol e na páxina web da universidade, con mención expresa do nome, apelidos e documento nacional de identidade e, se for o caso, as causas de exclusión.

5.2. As persoas aspirantes excluídas disporán dun prazo de dez días, que se contarán a partir do seguinte ao da publicación da referida relación, para corrixiren o defecto que motivase a exclusión. Transcorrido o devandito prazo, o Reitor ditará resolución declarando aprobada a lista definitiva de persoas admitidas e excluídas, que se publicará nos lugares indicados.

5.3. De acordo co previsto no artigo 59.6.b da Lei 30/1992, de 26 de novembro, estas publicacións substituirán a notificación persoal aos interesados e producirán os mesmos efectos que a notificación persoal.

**6.- COMISIÓN DE SELECCIÓN.-** O concurso será resolto por unha comisión designada na forma establecida no artigo 83 dos Estatutos da Universidade da Coruña. A súa composición farase pública na resolución que aprobe as relacións definitivas de admitidos e excluídos.

## **7. PROPOSTA DA COMISIÓN.**

7.1. Finalizada a actuación da comisión, esta fará pública a súa proposta no taboleiro de anuncios do Centro, xunto coa acta das puntuacións, concedéndolle a cada unha das persoas concursantes un prazo de cinco días, contados a partir da publicación, para poderen presentar reclamacións razoadas contra esta proposta.

7.2. As reclamacións deberán ser dirixidas ao presidente da Comisión e entregadas no Rexistro do centro en que aquela actúe.

7.3. Transcorrido o prazo, e no suposto de que non se presentase reclamación ningunha contra a proposta, o presidente da Comisión remitirá todas as actuacións practicadas á Reitoría, aos efectos da resolución definitiva do concurso e expedición do nomeamento ou formalización do correspondente contrato.

7.4. No suposto de que se presentase reclamación, ou se propoña a non provisión da praza, a Comisión encargada de xulgar a praza dará traslado do expediente administrativo do concurso á Comisión de Reclamacións, xunto co informe razoado da comisión de selección sobre as reclamacións presentadas, e suspenderase o nomeamento ou a contratación até que recaia resolución reitoral.

## **8. RESOLUCIÓN DO CONCURSO.**

8.1. Recibido o expediente administrativo do concurso, o Reitor ditará resolución, atribuíndo a praza á persoa seleccionada pola Comisión encargada de xulgarla ou, no caso de ser presentada reclamación, pola Comisión de Reclamacións, nos termos previstos no artigo 54 da Lei 30/1992

8.2. A resolución farase pública nos taboleiros de anuncios da Reitoría e na Vicerreitoría do Campus de Ferrol, así como na páxina web da universidade. Esta publicación substituirá a notificación persoal aos interesados e producirá os mesmos efectos, segundo o previsto no art. 59.6.b da Lei 30/1992, de 26 de novembro.

8.3. Contra esa resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, a contar desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer un recurso de reposición perante o Reitor, no prazo dun mes, de acordo co establecido no art. 116 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE do 27 de novembro).

## **9. CONTRATACIÓN E INCORPORACIÓN.**

9.1. A persoa candidata a que se lle adxudicou a praza deberá presentarse nun prazo de dez días no Servizo de Persoal Docente e Investigador para a formalización do nomeamento ou contrato. Se houber lugar a presentación de solicitude de autorización de compatibilidade o prazo para o nomeamento ou contratación quedará automaticamente prorrogado até a súa resolución.

9.2. O candidato incorporárase á súa función ao día seguinte ao da formalización do nomeamento ou contrato perante o Decano ou Director do centro, que dará conta da incorporación ao Vicerreitor de Profesorado.

9.3. No suposto de que a persoa candidata exercese outra actividade manifestamente incompatible, renunciara á praza ou non chegase a incorporarse no prazo sinalado, o Reitor procederá a asignar a praza ao seguinte concursante segundo a orde de puntuación que figure na proposta, se existir, ou deixará deserta a praza, ordenando a apertura de novo concurso.

9.4. Rematado o procedemento, a documentación dos concursantes quedará ó seu dispor no Centro de onde deberán retirala. Non obstante, no caso de interposición de reclamación ou recurso, estará depositada no Servizo de P.D.I. e non poderá retirarse ata que a resolución impugnada sexa firme, sen prexuízo de que os interesados poidan realizar copia da documentación para outros efectos.

9.4.1. Transcorridos seis meses desde a finalización do procedemento ou, no caso de haber recurso, desde que a resolución impugnada adquira firmeza, a documentación que non fora retirada será destruída.

## **10. SINATURA DOS CONTRATOS E EFECTOS DESTES.**

No prazo fixado para a sinatura dos contratos, os candidatos propostos deberán presentar, no caso de non telo feito coa súa instancia, os documentos orixinais ou copias compulsadas, esixidos no punto 4.1 a), b) e d) desta convocatoria.

Os candidatos propostos que non presenten a documentación no prazo e forma indicados anteriormente, decaerán nos dereitos que para eles se deriven da presente convocatoria. O mesmo efecto se producirá cando a documentación presentada non garde correspondencia co declarado na instancia.

No acto de sinatura do contrato o interesado deberá manifestar que non desempeña ningún posto ou actividade no sector público nin realiza actividade privada incompatible.

No caso de desempeñar un posto no sector público ou no ámbito privado susceptible de ser compatibilizado, deberán solicita-la compatibilidade nesta Universidade.


O desempeño dun segundo posto no sector público unicamente é susceptible de compatibilidade coa figura de profesor asociado, nos termos que establece a Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

## **11.- OUTROS.**

A normativa pola que se rexe este concurso e os modelos de solicitude están a disposición dos interesados no Rexistro Xeral da Universidade na Coruña (Rúa da Maestranza, nº 9) ou nos Rexistros Auxiliares de Elviña(Casa da Galería) ou no de Ferrol (Dr. Vázquez Cabrera, s/n) e na páxina web da Universidade (<http://www.udc.es/persoal/ga/pdi/concursos/contratacion.asp>).

Contra a presente Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, que se contarán desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co art. 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Previamente, e con carácter potestativo, poderase interpoñer recurso de reposición ante esta Reitoría, no prazo dun mes, de acordo co establecido no art. 116 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común (BOE do 27 de novembro), modificada por Lei 4/1999 do 13 de xaneiro (BOE do 14 de xaneiro)

A Coruña, 26 de xullo de 2010  
P.D. do reitor (R.R do 14/01/2008)  
O vicerreitor de Profesorado,



Xosé Luís Armesto Barbeito

## ANEXO I

Concurso	Nº. de prazas	Categoría	Dedicación	Área de coñecemento	Departamento	Centro	Docencia
10/8001	1	Asociado	P03	Ciencias da Computación e intelixencia artificial	Tecnoloxías da información e as comunicacións	Facultade de Informática	Compiladores
10/8002	1	Contratado interino de substitución	P03	Enxeñaría Telemática	Tecnoloxías da información e as comunicacións	Facultade de Informática	Redes de Comunicacións Análise e Deseño Orientado a Obxectos Proxectos Fin de Carreira
10/8003	1	Contratado interino de substitución	P06	Ciencias da computación e da intelixencia artificial	Computación	Facultade de Informática	Materias da Área
10/8004	1	Contratado interino de substitución	P06	Dereito Procesual	Dereito Público	Facultade de Dereito	Materias da Área
10/8005	1	Contratado interino de substitución	P04	Dereito Procesual	Dereito Público	Facultade de Dereito	Materias da Área
10/8006	1	Contratado interino de substitución (*)	P06	Dereito Administrativo	Dereito Público Especial	E.U. de Arquitectura Técnica	Dereito Público da Edificación
10/8007	1	Contratado interino de substitución	Total	Construcións Arquitectónicas	Construcións Arquitectónicas	E.U. de Arquitectura Técnica	Medicións, Presupostos e avaliacións Traballo Fin de Carreira
10/8008	1	Contratado interino de substitución	Total	Construcións Arquitectónicas	Construcións Arquitectónicas	E.U. de Arquitectura Técnica	Medicións, Presupostos e Avaliacións Construcións Tradicionais Galegas Xestións Inmobiliaria, Tasacións e Peritacións Traballo Fin de Carreira
10/8009	1	Contratado interino de substitución	P06	Construcións Arquitectónicas	Construcións Arquitectónicas	E.U. Arquitectura Técnica	Hª da Construción Hª da Arquitectura Traballo Fin de Carreira
10/8010	1	Contratado interino de substitución	Total	Didáctica das Ciencias Sociais	Didácticas Específicas	Facultade de Ciencias da Educación	Coñecemento do Medio Natural, Social e Cultural II Practicum II Didáctica das Ciencias Sociais Practicum
10/8011	1	Contratado doutor	Total	Edafoloxía e Química Agrícola	Ciencias da Navegación e da Terra	Facultade de Ciencias	Materias da Área
10/8012	1	Contratado doutor	Total	Química Orgánica	Química Fundamental	Facultade de Ciencias	Materias da Área
10/8013	1	Contratado doutor	Total	Química Inorgánica	Química Fundamental	Facultade de Ciencias	Materias da Área
10/8014	1	Contratado doutor	Total	Química Física	Química Física e Enxeñaría Química I	Facultade de Ciencias	Materias da Área
108015	1	Contratado doutor	Total	Xenética	Bioloxía Celular e Molecular	Facultade de Ciencias	Materias da Área

(\*) Na praza 10/8006 a contratación é só para o primeiro cuadrimestre

SOLICITUDE



Sr. Reitor:

Logo de convocar a concurso público de méritos a praza de profesor desa universidade que a continuación se relaciona, solicito ser admitido como aspirante para a súa provisión.

**I. DATOS DA PRAZA OBXECTO DO CONCURSO.**

Núm. de praza:	Categoría:	Data da convocatoria:
Departamento:		
Area de Coñecemento:		
Actividades asignadas á praza:		
Centro:	Cidade:	

**II. DATOS PERSOAIS.**

Primeiro Apelido:	Segundo Apelido:	Nome:	
Data de nacemento:	Lugar de nacemento:	Provincia de nacemento:	D.N.I.nº:
Domicilio:		Teléfono:	Correo electrónico
Municipio:	Código Postal:	Provincia:	

**III. DATOS ACADÉMICOS.**

Titulo	Centro de expedición	Data de expedición

**Documentación que se acompaña**

<input type="checkbox"/> Copia do DNI	<input type="checkbox"/> Xustificante do pagamento	<input type="checkbox"/> Título compulsado	<input type="checkbox"/> Currículo e xustificantes
<input type="checkbox"/> Acreditación da avaliación positiva do órgano externo		Outros: _____	

O abaixo asinante, D/Dª \_\_\_\_\_ solicita ser admitido ó concurso público de méritos para cubri-la praza antedita e declara que son certos todos e cada un dos datos consignados nesta solicitude e no currículo académico, así como que reúne as condicións esixidas na convocatoria para a provisión da praza.

En \_\_\_\_\_, a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_

(sinatura)

SR.REITOR DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA

# CURRÍCULO

## 1.FORMACIÓN ACADÉMICA.

### Expediente Académico:

Cualificación:	Núm. materias:	Núm. créditos:	Convocatorias usadas:
Matrícula de Honra			
Sobresaliente			
Notable			
Apobado			
Validado			
Totais.....			

### Estudos de Terceiro Ciclo:

Centro	Cualificación

### Tese de Doutoramento:

Título da Tese	Universidade	Data de lectura	Cualificación

### Premios extraordinarios:

--

## 2. EXPERIENCIA DOCENTE

### Docencia no ámbito universitario con dedicación a tempo completo:

Categoría	Universidade/centro	Data de comezo	Data de cese

### Docencia no ámbito universitario con dedicación a tempo parcial :

Categoría	Universidade/Centro	Dedicación:	Data de comezo	Data de cese

## CURRÍCULO

### Colaboración como bolseiro na docencia cun mínimo de 30 horas:

Organismo/Centro	Horas semanais	Data de comezo	Data de cese

### Docencia non universitaria:

Organismo ou centro	Horas semanais	Data de comezo	Data de cese

## 3. FORMACIÓN/EXPERIENCIA INVESTIGADORA

### Bolsas de posgrao:

Organismo	Data inicio	Data fin

### Estancias formativas noutras universidades:

Universidade	Data inicio	Data fin

### Participación en traballos ou proxectos competitivos de investigación, certificados polo investigador principal ou polo organismo correspondente:

Denominación do traballo ou proxecto	Universidade/Organismo

## CURRÍCULO

**Libros, artigos publicados, patentes, premios, modelos de utilidade, etc.:**

--

**Relatorios e comunicacións a congresos:**

--

### 4.OUTROS MÉRITOS

**Outras licenciaturas ou diplomaturas :**

--

**Estudos de grao ou posgrao:**

--

**Experiencia profesional fóra do ámbito universitario:**

Empresa/Organismo	Data inicio	Data fin

## CURRÍCULO

### Cursos recibidos:

Denominación	Centro	Nºde horas

### Cursos impartidos:

Denominación	Centro	Nºde horas

### Coñecemento de idiomas:

Documento acreditativo	Nivel		
	Alto	Medio	Baixo
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

### Coñecemento da lingua propia da Comunidade Autónoma e da UDC:

Cursos realizados:

Iniciación       Perfeccionamento       Outros (indicar): \_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

### Outros méritos:

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_

\_\_\_\_\_



## **1. FORMACIÓN ACADÉMICA**

1.1. Expediente académico.- Só serán valorables os expedientes académicos dos que achegaren un certificado, ou copia deste, en que se identifique plenamente o titular do certificado e a sinatura da autoridade que o expida, así como o número de convocatorias utilizadas para superar a materia.

Se a titulación fose só de segundo ciclo ou o concursante cursase só o segundo ciclo, deberá presentar a certificación do primeiro ciclo que lle dese acceso aos estudos de segundo ciclo cursados.

Para os efectos destas valoracións, entenderase por convocatorias utilizadas aquelas en que se superou a materia e as anteriores en que apareza a cualificación de suspenso.

Os expedientes académicos expedidos por universidades estranxeiras, de non se poderen valorar do xeito exposto neste apartado, serán valorados como aprobado.

1.2. Acreditación dos estudos de Terceiro Ciclo.- Deberá acreditarse mediante certificación académica en que figure perfectamente identificado o candidato ou candidata e a sinatura da autoridade que a expide.

1.3. Acreditación da Tese de Doutoramento.- Deberá realizarse mediante copia do título ou certificación do pagamento dos dereitos, así como documento en que se reflecta o Departamento en que realizou a Tese, o título e o director desta.

## **2. EXPERIENCIA DOCENTE**

2.1. Docencia universitaria ou en centros públicos non universitarios.- Deberá acreditarse mediante unha certificación de servizos prestados e mais unha certificación en que se especifique a docencia impartida e durante que períodos se impartiu.

2.2. Docencia en centros privados.- Acreditarase mediante a presentación dos contratos e unha certificación do centro en que se especifique a docencia impartida e durante que períodos se impartiu.

Se a docencia fose impartida como bolseiro/a, deberá achegar a credencial da bolsa.

## **3. FORMACIÓN/EXPERIENCIA INVESTIGADORA E OUTROS MÉRITOS**

3.1. Acreditación das publicacións, libros, artigos científicos, capítulos de libros etc.

Só serán consideradas como libros aquelas publicacións en que conste o ISBN, e, se for o caso, o depósito legal.

Os concursantes deberán achegar o texto íntegro das publicacións, quer presentando copias, quer orixinais.

Así mesmo, poderán ser valorados os traballos non publicados antes da fin da data do concurso sempre que se achegaren os textos íntegros e certificación da editorial da cal se deduza a súa publicación.

3.2. Acreditación dos relatorios e comunicacións en congresos

Esta acreditación farase cun exemplar (orixinal ou copia) do traballo, así como certificación da organización do congreso, copia do programa ou do índice das actas.

As actas dos congresos non se considerarán para os efectos deste baremo como libros, aínda que tiveren ese formato cos requisitos citados no apartado 1.

3.3. Acreditación da participación en Proxectos de investigación

Só será valorable a participación en proxectos que foren acreditados como tales cunha certificación expedida pola autoridade correspondente de centros oficiais de investigación.

De non poder dispor do devandito certificado, será preciso o informe do investigador principal en que se especifique:

- a) a duración do proxecto,
- b) a duración da participación do interesado neste,
- c) e a dedicación horaria semanal do interesado.

Acompañarase a folia da solicitude do proxecto en que figure a relación do persoal investigador coa súa sinatura e a súa dedicación, así como copia da comunicación da concesión do proxecto. Se a incorporación é posterior ao inicio do desenvolvemento do proxecto, será precisa unha copia do escrito de aceptación da entidade financiadora.

Producirán plenos efectos para a acreditación de participación en proxectos de investigación as certificacións/informes que, reunindo os requisitos recollidos no apartado anterior, foran expedidas con anterioridade á data de remate de presentación de solicitudes fixada nesta convocatoria.

3.4. Acreditación das estadias noutros centros de investigación

Certificación da autoridade que dirixa o centro, departamento, instituto ou equivalente onde se realiza a estadia.

3.5. Acreditación de bolsas ou contratos de investigación equivalentes

Bolsas ou contratos recoñecibles: FPI, predoutorais da comunidade autónoma, e outras bolsas ou contratos de investigación equivalentes recoñecidos como tales pola universidade.

Acreditación: mediante certificado do Vicerreitorado de Investigación onde se indique tipo de bolsa ou contrato equivalente, data de inicio e data de remate.

De non poder dispor do devandito certificado, será precisa unha copia da credencial de bolseiro ou documento emitido pola entidade que concedeu a bolsa en que se especifique a data de concesión e duración desta; no caso dos contratos, será necesario presentar copia do contrato.

3.6. Acreditación doutros méritos

Deberán acreditarse mediante contratos, certificacións ou diplomas en que se identifique correctamente tanto o candidato como a autoridade e institución que o expide.